



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 671 Semana do 28 de marzo ao 3 de abril de 2016

ENTREGADOS OS PREMIOS LUÍS TILVE AO TRABALLO DIGNO, ACCIÓN SOLIDARIA, DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE E INVESTIGACIÓN

Redacción.- Este martes tivo lugar no centro sociocultural de Fontiñas, en Santiago, o acto de entrega dos premios Luís Tilve 2015. Como ven facendo dende o ano 2006, esta Fundación -adicada á realización de estudos dos movementos sociais, sindicais, políticos e culturais galegos contemporáneos, así como, á conservación da documentación relativa a estes movementos- destacou a labor realizada no eido do traballo digno, acción solidaria, defensa do medio ambiente e dos bens comúns e investigación e divulgación histórica.

Ao traballo digno recibiron o premio Balbino Gómez e Begoña Pardellas, gandeiros dunha explotación agraria familiar en Guntín, por ser unha clara representación da loita do sector lácteo galego contra a desaparición desta fundamental actividade económica do noso medio rural, enfrontándose á falta de relevo xeracional, á desestruturación do territorio, á falta de dinamismo e apoio por parte da Administración e, máis recentemente, á liberalización total do sector deixado en mans dos especuladores da distribución e da comercialización.

O premio á acción solidaria recaeu na asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo pola súa acción permanente na defensa dos dereitos das mulleres dende o ano 1998, a través da prevención e asistencia ás mulleres que sofren malos tratos, achegándolles tanto información como formación.

O recoñecemento para a defensa do medio ambiente e dos bens comúns foi para o proxecto Esmelle polo seu traballo continuado na recuperación do patrimonio da parroquia de San Xoán de Esmelle, en Ferrol, fomentando o asociacionismo veciñal e a implicación e participación de toda a parroquia, creando unha marca turística, "Valle de Esmelle", que supón un motor económico para a zona. O proxecto naceu no ano 2003, co obxectivo de recuperar o patrimonio vencellado á tradición acuífera do val, en base á cooperación do seu mellor recurso, os seus veciños.

O doutor en Economía da Universi-



dade de Santiago Xaime Barreiro Gil recibiu o premio Investigación e divulgación histórica polo seu traballo "As raiceiras do cooperativismo agrario en Galicia". Barreiro Gil xa leva publicados numerosos traballos académicos sobre a Galicia contemporánea e outros temas de índole europea, do que é un gran coñecedor.

No acto interviñeron o alcalde de Santiago, Martiño Noriega; o presidente da Fundación Luís Tilve, Jesús Mosquera, quen destacou os valores que se ensalzan coa entrega destes premios; o presidente de honra da Fundación, Fernando González Laxe; o secretario do xurado dos premios, Rogelio Pérez; e no acto de clausura tomou a palabra o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez.

Gómez, tras felicitar aos galardoados, destacou a importancia dos premios que anualmente outorga a Fundación Luís Tilve que recalcan en conceptos que son, ao fin e ao cabo, conceptos e valores básicos sobre os que UGT busca construír e asentar unha sociedade máis xusta e mellor cada día, a dignidade do traballo, a solidariedade, a defensa da contorna e a memoria histórica.

Valores que se anhela hoxe máis que nunca, nun momento no que a nosa sociedade ve ameazadas as súas conquistas

históricas. Tras unha terrible crise que algúns se encargaron de que pagasen os que menos culpa tiñan, os traballadores, cunha serie de recortes devastadores e medidas que precarizaron o mercado laboral e destruíron unha gran cantidade de emprego.

No contexto actual a recuperación aínda está por vir, hai novas ameazas de crise, e este é o momento de dicir non a construír unha recuperación sustentada sobre a base do emprego precario e a costa do benestar social ou a prosperidade. Este malgaste de potencial humano debe cesar.

Pero é que na actual conxuntura existe outro reto, a crise dos refuxiados. Un dos principais desafíos no que o principio da solidariedade ten que ser a pauta básica de actuación.

Pero aquí a UE e os países membros non están a dar a talla. Perdéronse cinco anos vitais. Esta crise, causada pola falta de previsión, danou, non só o modelo social europeo, senón tamén a súa lexitimidade democrática. Non obstante, o secretario xeral de UGT-Galicia pechou a súa intervención afirmando que non se pode caer na resignación e que é imprescindible contar con persoas como as premiadas e os valores recoñecidos para afrontar o futuro.

O SECRETARIO XERAL DE UGT-GALICIA REÚNESE CO CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Redacción.- O pasado mércores o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, e o responsable de Acción sindical, Relacións laborais e Formación do Sindicato, José Domingo Barros, mantiveron unha xuntanza co conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, na que este último presentou a "Axenda 20 para o Emprego".

Nesta xuntanza o conselleiro explicou os grandes liñas do documento, facendo fincapé en que non se trata de abrir un proceso de diálogo social, senón de colaborar no deseño de normas que o desenvolvan.

A xuízo do secretario xeral de UGT-Galicia, o documento, máis aló das boas in-

tencións e de que se pretanda ligar o Plan Estratégico de Galicia 2015-2020 e o Plan de Competitividade Industrial Axenda 4.0, é un texto de liñas xerais que carece de compromisos claros e a súa plasmación en medidas concretas atópase coa barreira duns orzamentos deseñados máis para acadar o cumprimento dos obxectivos en materia de débeda e de déficit públicos que para fomentar o crecemento económico e a creación de emprego. Ademais, UGT considera que debería facerse un balance do impacto das medidas que xa están en vigor antes de deseñar outras novas.

Non obstante, neste contexto, UGT non



renuncia a aportar as achegas correspondentes no momento no que se envíen as diferentes normas e ordes para o seu desenvolvemento.

UGT DEMANDA UN PLAN DE CHOQUE POLO EMPREGO

Reclama un acordo político que evite novas eleccións e restitúa dereitos



Redacción.- Os secretarios xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Ignacio Fernández Toxo, subliñaron a importancia de impulsar a constitución, nos próximos días, dun Goberno de progreso no noso país que poida abordar os problemas dos traballadores.

Tras a primeira reunión das comisións executivas de ambas as organizacións desde a celebración do 42º Congreso Confederado da Unión Xeral de Traballadores, os líderes sindicais manifestaron que despois de 100 días sen Goberno os problemas acumúlanse e a parálise na Administración unicamente pode agravalos.

Neste sentido, sinalaron a urxencia de desenvolver plan de choque polo emprego nunha sociedade con preto de cinco millóns de persoas en desemprego e uns niveis altísimos de desemprego xuvenil e paro de longa duración, así como, a necesidade de emprazar ás patronais para avanzar en materias relacionadas coa negociación colectiva ou de salarios, "xa que hai que definir a política salarial para o ano

2017 e negociar unha necesaria subida do SMI", entre outras cuestións.

"A subida dos salarios e do SMI son dous instrumentos ao servizo do emprego neste país porque sen aumento de salarios non haberá recuperación da demanda interna e será moi difícil crear emprego de maneira inmediata no noso país", engadiron.

Necesitamos un Goberno que poida facer unha negociación solvente coa UE

A preguntas dos xornalistas, Álvarez destacou que os datos de déficit coñecidos obrígnanos a facer un sobreesforzo para poder configurar un Goberno que poida facer unha negociación solvente e potente coa Unión Europea. "A configuración do Goberno e a súa fortaleza é a que nos vai a permitir discutir, acordar coa UE un tipo de acordo ou outro e por tanto máis ou menos flexibilidade en relación co déficit".



UGT valora as iniciativas de apoio aos traballadores e ao dereito de folga aprobadas polo Congreso

Redacción.- A Comisión de Emprego e Seguridade Social do Congreso dos Deputados aprobou na súa última reunión cinco proposicións non de Lei coas que apoia a loita dos traballadores das empresas Tragsa e Elcogas para o mantemento dos seus empregos, apoia o dereito de folga e reclama ao Goberno o restablecemento do subsidio de desemprego para maiores de 52 anos, así como, dar cumprimento á Carta de Dereitos Sociais do Consello de Europa mediante un proceso de diálogo cos interlocutores sociais.

A Unión Xeral de Traballadores valora a aprobación destas cinco iniciativas, promovidas polos grupos da esquerda parlamentaria, e orientada na dirección do cambio de políticas que necesita o noso país para a recuperación de emprego con dereitos e as políticas sociais.

HAI QUE FLEXIBILIZAR OS CRITERIOS DO PROGRAMA DE ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO PARA QUE CHEGUE A MÁIS XENTE

UGT acusa ao Goberno do PP de pasividade cos parados

Redacción.- UGT demanda a continuidade do Programa de Activación para o Emprego e modificar os criterios de acceso, que foron claramente restritivos, para que esta axuda sexa efectiva e chegue a moitos máis desempregados, máxime cando a taxa de cobertura das prestacións por desemprego está en mínimos históricos, un 55%; 2,6 millóns de persoas levan en desemprego máis dun ano e a taxa de paro de moi longa duración alcanza xa o 44,4%.

O Sindicato rexeita que se “aforre” á conta dos parados e insta a que se prioricen políticas que incentiven o emprego e a protección, especialmente, ás persoas en peor situación.

UGT considera que é necesario avaliar o Programa de Activación para o Emprego e modificar os seus criterios para que sexa menos restritivo e chegue a máis xente. Estímase que o número de beneficiarios sitúase ao redor de 100.000 persoas, un volume claramente insuficiente ante as previsións iniciais do propio Ministerio de Emprego, que calculaba en máis de 400.000 os potenciais beneficiarios.

Ademais, da dotación de 850 millóns de euros orzamentados para 2015, executáronse menos do 19% (160 millóns de euros), dando un remanente próximo aos 700 millóns. Nos primeiros meses de 2016 sé-



guese esta tendencia. Do orzamento de 350 millóns só se executou, ata o 29 de febreiro, un 6,3%.

UGT que, xunto a CCOO, solicitou ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social unha reunión para avaliar os resultados deste Programa, considera imprescindible que se dea información sobre os itinerarios de inserción e as políticas activas que deberían acompañar a esta axuda económica. Unha avaliación á que se comprometeu o Goberno, agora en funcións, e que, segundo o estipulado no Real Decreto Lei, debería efectuarse tras os primeiros seis meses de funcionamento.

A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, M^a Carmen Barreira, considera que o fracaso deste Programa débese a que “faltou vontade política” por parte do Goberno do PP, na pasada lexislatura.

Así, nun primeiro momento, e en contra do criterio sindical, rexeitáronse as solicitudes de desempregados que anteriormente se beneficiaron doutras axudas do Servizo Público de Emprego, “un factor desmotivador”, nin tampouco se atendeu a demanda sindical de informar por carta aos posibles beneficiarios deste Programa (de feito, non se produciu ningunha campaña institucional para publicitar esta medida)

A xuízo de Barreira, a falta de vontade política do Goberno de Rajoy respecto das políticas activas de emprego evidénciase, desde o inicio, coa eliminación de máis de 2.000 orientadores laborais e nos recortes nas políticas de desenvolvemento local que prestan os concellos.

Para Barreira, “a pasividade, o non actuar, é unha forma de facer. Non ten sentido que un Goberno deixe de gastar 1.000 millóns de euros nalgo tan importante como o desemprego deste país”.

Hai que aproveitar a oportunidade para alcanzar un acordo de goberno que cambie as políticas

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, no contexto das xuntanzas mantidas esta semana cos líderes de Podemos e de IU, considera que é necesario un cambio de políticas no país, especialmente sociais e laborais, tal e como ratificou o Sindicato no seu 42 Congreso, e que para iso sería necesario un cambio de goberno, unha maioría parlamentaria que axude a re-

solver os graves problemas que nestes momentos hai neste país.

Habería que avanzar nesta dirección e alcanzar un acordo de goberno para que “non nos vexamos abocados a unhas novas eleccións xerais”.

Ademais da derogación das refor-

mas laborais e a reposición dos dereitos perdidos na anterior lexislatura, UGT defende recuperar o emprego estable e con dereitos, reformas da protección social e iniciar un cambio do modelo produtivo. Ademais, urxe recuperar o Pacto de Toledo, revertir a actual reforma de pensións e reforzar as prestacións por desemprego.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

MÁIS DE 4 MILLÓNS DE ESPAÑOIS NON PODERÁN CONECTARSE A INTERNET OU O FARÁN DE MANEIRA DEFICIENTE

Redacción.- A promulgación definitiva da regulación dos mercados de banda ancha levada a cabo pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC), xunto coa publicación da capacidade real da rede fixa de cobre con motivo da revisión periódica do Servizo Universal, revelan o tamaño e a crueza da exclusión dixital que sufrirá esta reforma normativa.

Así, tal e como recoñece a propia CNMC, case medio millón de liñas de telefonía fixa non permiten conexións de banda ancha, o que supón que un 2,5% das liñas da rede de cobre xamais poderán conectarse a Internet, nin sequera a unha velocidade mínima dun 1 Mbps.

Se se extrapola esta cifra a unha liña por fogar (e a un fogar de tamaño medio) 1,12 millóns de españois e españolas nunca poderán conectarse a Internet mediante unha conexión de banda ancha, o que lles condena a ser excluídos dixitais para sempre.

Ademais, a antigüidade da exhausta rede de cobre limita as súas prestacións de forma considerable. En concreto, e de novo segundo os datos estatísticos trimestrais

que publica a CNMC, un 6% das conexións de ADSL son incapaces de proporcionar unha velocidade superior aos 10 Mbps.

En moitos destes casos a prestación real achégase máis aos 2 Mbps que aos 10, o que relega aos afectados a dispoñer dunha velocidade ínfima e, en moitas ocasións, inoperante.

De novo, se se extrapolan os datos ao número de persoas por fogar, estímase que 2,14 millóns de cidadáns atópanse sometidos a unha conexión deficitaria.

Ámbito xeográfico

Entrando no ámbito xeográfico, as CCAA con peores accesos de cobre son Castela e León, cun 6% de liñas inservibles para a prestación de banda ancha fixa, seguida de preto por Galicia (5,9%) e Aragón (cun 4,2%). No outro extremo atópanse



Madrid (con só un 0,9%), a Comunidade Valenciana e Euskadi (1,5% cada unha). Con todo, detéctase que seis CCAA aumentaron as súas liñas ineficientes, con toda probabilidade como consecuencia do lóxico e progresivo esgotamento das redes de cobre.

Respecto dos municipios, só un 0,1% das poboacións españolas poden presumir de ter un 100% de cobertura de banda ancha, mentres que hai seis CCAA sen ningún municipio con cobertura total de banda ancha fixa (Asturias, Baleares, Canarias, Cantabria, Galicia e Rexión de Murcia).

OS GANDEIROS MOBILÍZANSE EN SANTIAGO POR UNS PREZOS DIGNOS E GARANTÍA DA RECOLLIDA DO LEITE

Redacción.- Centos de gandeiros concentráronse este xoves en San Caetano, fronte á sede da Xunta en Santiago, convocados pola Plataforma en defensa do sector lácteo da que UU.AA. forma parte.

Unha vez máis, os gandeiros tiveron que reclamar prezos dignos e garantía da recollida do leite porque a situación segue a ser asfixiante para o sector.

Os datos están aí. Ao longo do ano 2015, sete de cada dez granxas que se viron obrigadas a pechar no Estado eran galegas e persisten as ameazas das empresas de deixar de recoller o leite.

A pesar das declaracións de boas intencións das administracións, Galicia segue á cola do Estado e da UE nos prezos que se pagan aos gandeiros polo leite.



Neste contexto, o acordo de setembro impulsado polo Ministerio está a servir para que as grandes cadeas de distribución obtéñan os maiores beneficios da súa historia coa venda do leite, mentres se condena á desaparición de miles de granxas de leite galegas.

Aproximadamente, 500 granxas galegas xa se viron obrigadas a pechar no último ano e outras pasáronse á produción de carne.



Continúa a recollida de firmas de apoio aos traballadores do 112-061

Redacción.- A Plataforma 112-061, integrada polos comités de empresa de ambos servizos de emerxencias, continúa coa súa campaña de recollida de firmas co obxectivo de pedir o apoio da cidadanía para intentar frear o traslado do 112 e do 061 ao Concello de A Estrada, así como, para informar sobre as consecuencias desta acción e os elevados custes que traería consigo. Esta semana a recollida de firmas tivo lugar este luns ás portas do Hospital Clínico de Santiago.